

Introdución


Xorde esta miscelánea como órgano de expresión da Academia de estudos sobre a figura de San Rosendo, de quen vimos de celebrar os mil cen anos do seu nacemento (907-2007). Por outra banda, quere ser portavoz para o estudo dos Camiños de Santiago nas provincias de Lugo e Ourense. Nunha palabra, pretende achegar o patrimonio cultural e espiritual das igrexas mindoniense-ferrolá e ourensá, coas súas riquezas artísticas e experienciais, tanto aos estudosos como á xente de boa vontade que achega a aportación da fe cristiá o ser e á cultura da nosa terra.

Ben nos gustaría que esta nova publicación fose un servizo non só para os estudosos, senón que servise tamén como instrumento de traballo para asociacións culturais e, por suposto, para profesores de historia, relixión ou ciencias sociais, de xeito que atopen aquí elementos de traballo para achegar, a nosa historia e cultura reais, aos mozos e mozas que están a formarse hoxe nos centros de ensino medio e superior de Galicia.

Os bispos de Mondoñedo-Ferrol e Ourense acaban de crear a Academia Auriense-Mindoniense de estudos sobre a figura de San Rosendo. Trae o dicionario como primeira acepción da palabra Academia a de: "Sociedade científica, literaria ou artística establecida con autoridade pública". E neste amplísimo molde, no que cabe case todo, no que pretendemos crear, como un froito do venturoso ano xubilar do nacemento de San Rosendo, unha institución que cumpra como principal fin o de destacar a San Rosendo como figura capaz de interesar, de motivar encontros, de propiciar un diálogo sereno sobre os tempos, os espazos e as herdanzas que Rosendo, bispo e monxe, fixo propios e nos deixou como tarefa.

Non se trata dunha pretenciosa e desmedida meta, senón dun marco serio e nobre para dignificar unhas actividades que desexamos non sexan un innecesario adorno, senón un estímulo e un apoio para evanxelizar desde a cultura.

Comportará a Academia os sabios rigores da excelencia como norte de todas as súas actividades, da cortesía e da etiqueta como vehículo que dignifica pero, sobre todo, o gozoso empeño de medrar e axudar a medrar.




Non se trata de erixir un castelo de naipes sen base e sen valor, nin tampouco atribuírle ningunha exclusividade no espazo das plurais actividades das nosas igrexas. Nace a Academia humilde e, polo tanto, con vocación de sumar e colaborar, pero ao tempo nace co desexo de ser un foro prestixioso que sexa referente de fecundidade e alento de iniciativas que, recuperando valores do noso pasado, nos axuden a vivir ilusionados este apaixonante presente.

San Rosendo é un personaxe transcendental, telo como amigo próximo é intelixente, centrarse nos estudos da súa época, da historia da Igrexa mindoniense e galega, e do Monacato cremos é enriquecedor para todos. Se a esta preocupación pola historia, engadimos a creación literaria e artística como propias dos fins dunha Academia, facemos máis suxestiva a oferta de fe e de cultura pretendida por esta, que aspira a reunir a estudiosos de prestixio e abrirse en actos culturais a un público amplo. Sociedade científica, si, pero sabendo que todo o que se fai con amor e con rigor é camiño de evanxelización.

Pedimos a San Rosendo, patrón e amigo, que bendiga esta semente que quere poñer a súa figura sobre o candeeiro para que anime e ilumine a todos os da casa, a casa grande dos homes e mulleres de boa vontade.

Con isto pretendemos ser fieis á nosa fe, ao noso tempo e á nosa terra, xa que cultura, ciencia, arte e fe comparten unha orixe e un destino común. Todas as nosas conquistas no mundo trasládannos ao enigma da nosa vida como persoas, inmersas no tempo e anhelantes do que a temporalidade alberga na súa medula máis fonda, na que nos sentimos como creadores e criaturas. Existen aspectos do patrimonio cultural dos pobos que van máis alá de cuestións confesionais porque reflicten a alma dun pobo. Esta é a razón da relación existente actualmente entre sociedade civil e confesións relixiosas para recuperar o patrimonio cultural da nosa civilización a partir dos ámbitos máis diversos. Aí están a recuperación de fontes documentais, exposicións de diverso rango e ámbito, as monografías sobre institucións e acontecementos do pasado, que proxectan a súa luz no presente e sen cuxa achega non se pode construír o futuro.

Ofrécesenos aquí un amplo campo para o diálogo entre a fe e a cultura na súa raíz xenuína e orixinal. Dicimos xenuína porque na cultura exprésase o universal e particular do home como posibilidade e reali-




zación. Dicimos orixinal porque exprésase o propio e específico do home nas súas dimensións máis reais e auténticas. A fe, vista desde ese horizonte, compromete ao home na totalidade do seu ser e das súas aspiracións. Unha fe que se situase na marxe do humano e, polo tanto da cultura, sería infiel á plenitude de canto a palabra de Deus manifesta e revela, unha fe decapitada, máis aínda, unha fe en proceso de autodisolución.

A fe cristiá non destrúe a cultura, da elementos para a súa creatividade. Non rexeita ningún valor xenuíno da sociedade ou dun pobo, senón que fortalece aquilo que é valor permanente e obxectivo á luz do Evanxeo. Por isto a fe, lonxe de ser un obstáculo, ten que ser unha forza fecunda para a creación de cultura. Non cabe dúbida, pois, que fe cristiá e cultura humana están en estreita conexión, e o gran drama do futuro sería o enfrontamento ou a ruptura entre a cultura e a fe, como xa sinalou, no seu día, o Papa Paulo VI.

A nosa realidade histórica, e a nosa conciencia de cristiáns en Galicia, ten un inxente pasado de fe que transmitir, e unha grave responsabilidade como cidadáns, porque todos eses feitos, institucións e creacións son expresión dunha fe e, ao tempo, matriz dunha cultura e dunha forma de entender a existencia que configura o noso ser máis alá do que é dado imaxinar. Se renunciamos a isto, a nosa cultura e noso ser como pobo, corren o risco de quedar sen raíces se os seus precedentes históricos non son permanentemente actualizados e recreados. ¿Onde fundamentar os valores da nosa existencia e do noso futuro se non somos capaces de recuperar positivamente toda a nosa memoria?


A conciencia humana contemporánea está determinada por unha serie de factores: relixiosos, intelectuais, sociais, políticos, xurídicos, económicos e técnicos, cuxa combinación da lugar á identidade persoal e colectiva. As persoas que pensan actualmente no futuro do noso contorno social afirman que o novo milenio estará caracterizado por catro grandes influencias relixiosas: o Cristianismo, o Islam, as relixións orientais que se presentan con vontade misioneira e as diversas seitas. Pero isto é relativamente recente, resultado dos grandes cambios que se operan na nosa sociedade globalizada. En realidade a fe cristiá é o elemento decisivo da configuración espiritual e relixiosa dos pobos que compoñemos a vella Europa.



O que hoxe coñecemos como Europa é unha creación moral xurrida esencialmente como resultado da converxencia do Evanxeo, da razón grega e do dereito romano, aos que logo se engadiron outros impulsos creadores –étnicos, culturais ou relixiosos–, onde se situarían as realidades particulares como a nosa de Galicia. A partir do ano mil xéstanse as nacións e o cristianismo será o factor de unidade entre elas. Esta vella Europa berce das nacións, das universidades, dos concilios, das peregrinacións a Santiago, Roma e Xerusalén, é o fermento da moderna Europa, que xorde daquela herdanza e hoxe sitúase, en grandes espazos sociais, onde as realidades particulares acrecentan o ser desa nova realidade.

Nesta perspectiva é onde se entende a figura de San Rosendo, no que sen dúbida algunha a faceta que mellor o describe, e ao mesmo tempo a que mellor encarna o seu ideal e permanencia no tempo, é a de monxe. Un monxe do século X vivindo en Galicia, que non deixa de ser un *finis terrae* en moitas facetas humano-culturais; e, sen dúbida, tamén no que se refire á implantación da vida monástica, tal como era vista e querida polo papado e o imperio carolinxo, de tal xeito que el enlaza este espazo setentrional da vella *Gallaecia* con Europa. Non debemos esquecer que os primeiros peregrinos coñecidos que veñen ó sarteiro do Apóstolo Santiago, como Godescalco de Le Puy, fano sendo bispo do *locus apostolicus* San Rosendo. O movemento monástico en Europa vive un momento de esplendor, sobre todo a partir da imposición da Regra benedictina, e a partir do renacemento Carolinxio que teza en practicamente todos os aspectos da vida eclesial.

San Rosendo é, sen lugar a dúbidas, a figura máis importante da *Gallaecia* altomedieval, e a súa figura brilla con luz propia no século X. Os tres grandes mosteiros fundados en Galicia no século X: Lourenzá no norte, Sobrado no centro e Celanova no sur, teñen relación familiar e espiritual coa persoa de San Rosendo, a eles haberá que engadir as casas filiais destes e as intervencións nas que San Rosendo despregou unha grande actividade reformadora, fundando diversos cenobios baixo a advocación do Salvador, posiblemente condicionado por unha piadosa anécdota moi repetida no ámbito familiar a partir da súa nenez, segundo a cal a súa nai Ilduara, a fin de poñer remedio á súa inicial esterilidade, elevou frecuentes súplicas nunha pequena igrexa




dedicada a San Salvador (*sen cesar nas súas continuas súplicas... –en– unha igrexa que fora consagrada en honor de San Salvador*). Unha advocación que, en efecto, se nos mostra constante en todas as fundacións do santo.

De forma que o tecido monástico de Galicia está, todo el, en relación con San Rosendo e a súa familia. Podemos afirmar, sen temor a equivocarnos, que na figura de San Rosendo atopamos un antes e un despois no monacato de Galicia, no conxunto da vida da Igrexa Galega e nos máis variados aspectos da sociedade da nosa terra.

Indiscutiblemente Celanova é un dos centros simbólicos de Galicia. Se Compostela nos remite aos días de Xelmírez, do esplendor románico e da secesión de Portugal, Celanova é o resumo da Galicia reconquistadora e internamente pacificada da época de Hermenexildo, o galego que entrou por primeira vez nunha “al-medina” árabe, en Coimbra, do seu fillo Gutier e da súa nora Ilduara Eiriz; e do seu neto Rosendo Gutiérrez, a quen se chamou “príncipe supremo de Galicia”, o P. Flórez “sol na Igrexa” e López Ferreiro “pai da patria”, daqueles, en fin, que edificarán a Galicia dos séculos IX e X.

A vida e os feitos de San Rosendo chegaron ata nós en documentos contemporáneos relativos ao mosteiro celanovés, que vén a ser, no século X, o que fora Santo Toribio de Liébana no século VIII para implantar o programa carolinxio, figura da que M. C. Díaz e Díaz (†) di que “no século X brilla con luz inmarcescible a figura senlleira de San Rosendo”, engadindo que el é a figura clave para comprender as circunstancias e situación dos séculos medios. O relato da vida de San Rosendo, transmitido polos monxes Estevo e Ordoño de Celanova, descríbennos o perfil do paradigma de monxe no que se unen o celo pastoral e as aptitudes para gobernar a sociedade civil do momento. Xa que logo, pódese equiparar, no que ao monacato se refire, coa figura de San Martiño Dumense no século VI. As noticias documentais son de tal amplitude e rigor que se poden perfilar con certeza as características do movemento monacal creado, nuns casos, e reformado noutros, por San Rosendo.

O nome de San Rosendo, unido a Mondoñedo, Compostela e Celanova, resume a historia da Galicia do século X, no que a vida monástica vén a ser como o auténtico faro de luz, cultura, renovación material e espiritual desta terra. Vén a ser como o preludio da poste-



rior floración cluniacense e cisterciense, sen as cales non se pode entender a historia e a cultura de Galicia. Sobre todo isto queda moita luz que achegar, se logramos abrir algunha porta dámonos por satisfeitos.


O Camiño de Santiago foi desde os comezos, pola súa significación e polas súas achegas múltiples, un fenómeno importante que condicionou o modo ser de gran parte de Europa; e iso, porque o peregrino xacobeo veu cumprindo ininterrompidamente unha vocación itinerante, que o facía ser “viaxeiro do sagrado” e transmisor de saberes.

A multitude de peregrinos cada vez acrecentábase máis xa que concorían de todas partes do mundo para visitar a igrexa compostelá, a cal, xa que logo, “posita est in orbis spectaculo”.

A parte da función espiritual, houbo dous aspectos que, no caso do Camiño de Santiago, fixaron a atención: unha relacionada co movemento de mercancías e outra co de ideas e, en particular, estilos artísticos e devocións. Estando en voga a historia económica, non é de estrañar que se preste atención á importante función comercial do Camiño de Santiago, coa conseguinte aparición dunha burguesía, o establecemento de comerciantes francos ou xudeus, a creación de feiras e o cobramento de peaxes ou portaxes ás persoas e ás mercadorías.

Tamén se falou, en múltiples ocasións, das rutas xacobeas como canles difusores de devocións. Os franceses, por exemplo, ao peregrinar a Santiago e afincarse en moitos núcleos do Camiño trouxeron consigo a devoción a santos seus como San Martiño de Tours, San Sadurníño ou San Xil e advocacións marianas como Rocamador, da que pasan de media ducia as que atopamos no Camiño Francés.

Non obstante, ao ser a viaxe que se realiza a Santiago unha viaxe esencialmente sagrada, debe terse moi en conta que o peregrino xacobeo é home curioso e atento, que sabe admirar e assimilar todo o que atopa, desde as cancións, os contos e as lendas ata as peculiares técnicas dos árabes nos reinos hispánicos. Isto significa que cos peregrinos xacobeos viaxaban tamén ideas, institucións e lendas; nunha palabra, importantes elementos culturais. Neste sentido, é ben coñecida a relación que existe entre o Camiño e a difusión das



cancións de xesta. Co tempo desenvolveuse igualmente unha literatura de viaxes, desde os *itineras* ata as composicións que están a cabalo entre as coleccións de lendas e as guías turísticas; literatura que chegou a adquirir formas diferentes entre si, non desprovistas, sen embargo, de nexos recíprocos, como son os romances cabaleirescos de aventuras e os diarios de viaxes dos peregrinos tardomedievais. Estes diarios, ás veces, aproxímanse aos contidos dun tratado de mística, noutros casos ofrecen a temática propia dun manual comercial. Non hai que esquecer tampouco a literatura propiamente xeográfica e cartográfica, que na Plena e na Baixa Idade Media adopta os modelos de Aristóteles, de Plinio e perfecciónase cos escritos cartográficos do humanista Eneas Silvio Piccolomini (futuro papa Pío II), en quen a xeografía parece encontrarse coa antropoloxía. É dicir, a xeografía e a cartografía deben moito ás viaxes e, concretamente, aos viaxeiros ou peregrinos do Camiño por excelencia, o que conducía a Compostela.


Facer un inventario do legado cultural que durante séculos se foi xerando ao longo da ruta dos peregrinos xacobeos, na súa totalidade ou simplemente no seu contido histórico artístico, constituiría un magno proxecto a escala europea, xa que se trata dun legado que afecta a toda Europa como totalidade cultural.

Xunto ao gran expoñente que é o Camiño francés, atopámonos coas outras rutas xacobeas que achegan elementos do mais diverso signo, que debemos inventariar e estudar. A este traballo, xunto con outros esforzos en camiño, quere incorporarse a nosa miscelánea.

Vén a ser este traballo un esforzo conxunto de Mondoñedo e Celanova. Non dubidamos de que nos abrimos a un campo apaixonante, no que van estar presentes os máis diversos elementos do noso patrimonio cultural, humano e espiritual. Estamos seguros de facer un servizo ás xentes e á historia da cultura galega, con humildade pero tamén con seriedade e rigor.

O Consello de Redacción e os colaborades destas páxinas, que hoxe presentamos, son unha boa proba do dito.

O presente número céntrase máis nas institucións e terras mindonienses. O próximo achegaranos máis ao significado e vida de Celanova e a Igrexa ourensá.



Sanctus Rudesíndus. Introducción

Somentes queda dar fe pública do nosos agradecemento aos colaboradores e patrocinadores deste traballo. Grazas a eles podemos asistir a este novo proxecto que nos enriquece, dalgún xeito, a todos os galegos.

Segundo L. Pérez López

